

# Concello de Moeche



## A Coruña

### RELACION DE ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DA CORPORACION DO CONCELLO DE MOECHE NA SESIÓN EXTRAORDIA E URXENTE CELEBRADA O DIA ONCE DE XULLO DE DOUS MIL ONCE

#### 1.- Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria

O Pleno, con CINCO (5) votos a favor, que constituen quorum de maioría absoluta legal dos membros que o integran, e TRES (3) abstencións acordou ratificar a urxencia da sesión.

#### 2.- Manifestación de apoio da Corporación o escrito presentado pola comunidade educativa do CEIP de San Ramon relativo a supresión de prazas de profesorado

Visto o escrito presentado pola comunidade educativa do CEIP de San Ramon que literalmente di:

A Comunidade educativa do CEIP San Ramón de Moeche

Solicita aos grupos políticos do Concello de Moeche o apoio á esixencia de retirada da proposta de supresión de tres prazas do profesorado do centro realizada pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e recramr o mantemento do cadro de profesorado, de forma especial da especialista de Pedagogía Terapéutica

Razóns que explican este rexeitamento e a esixencia do mantemento do cadro de profesorado

- A redución do cadro de persoal, e, en maior medida da especialista en pedagogía terapéutica do centro, vai dificultar os apoios e reforzos requiridos polo alumnado, con maior incidencia nas nenas/os con NEAE máis relevantes ou de maior importancia, este alumnado, ademais de perder unha gran axuda no seu aprendizaxe, sufrirá un atraso, ou, cando menos, un estancamento nos progresos que, a todos os niveis, amosaron durante os cursos anteriores, As razóns económicas, cremos, non debe utilizarse como desculpa para emperora a atención que merece este tipo de alumnado
- A redución do cadro de persoal do centro vai dificultar os apoios, requiridos polas necesidades educativas, ou as substitucións, en caso de ausencia, do profesorado responsable
- Dificultará a realización das dinamizacións da biblioteca, das TICs, convivencia escolar, mellora da calidade educativa e a posta en práctica do distintos proxectos que se pretendían levar adiante no vindeiro curso.
- Estes recortes no cadro de persoal redundan nunha perda de servizos públicos que estamos a sufrir dende os Concellos do rural o cal incida aínda máis no depoboamento dos mesmo e asemade nun detrimento da súa calidade de vida.

A Corporación, con CINCO (5) votos a favor e tres (3) abstencións, ACORDA:

- Manifestar o apoio desta Corporación Municipal a esixencia, plantexada pola Comunidade educativa do CEIP San Ramón de Moeche, de retirada da proposta de supresión de tres prazas de profesorado do centro, realizada pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e recramar o mantemento do cadro de profesorado do mesmo, de forma especial da especialista de pedagogía terapéutica